

OPERACIÓN TRIUNFO



Este ano en Operación Triunfo houbo un pouco de todo. Falaremos dos concursantes:

IDAIRA: a eterna salvada polo público.
DANI: o mellor bailarín de break-dance.
EDURNE: "jopetas" a "pija" da Academia.
FRAN: o tímido que soltou a melena.
GUILLE BAREA: o poeta romántico.
GUILLERMO MARTÍN: o sedutor, pola súa mirada.
HÉCTOR: o "madurito" tradicional.
JANINA: a roqueira.
SORAYA: a loitadora con carácter.
J. MANUEL: o buscador de personalidade.
LIDIA: a alegría en persoa.
SANDRA: a pequena da casa.
VÍCTOR: o heavy polifacético.
MÓNICA: a desapercibida.
SERGIO: o gañador con estilo.
TRIZIA: a romántica con bo corazón.

Non só foron os concursantes os máis importantes, senón que tamén os profesores da Academia e o xurado participaron neste concurso.

Por exemplo:

As clases de Ángel Llácer, para expresar o contido da canción, onde todos os sentimentos estaban a flor de pel, ou as clases de Edith Salazar, que cos seus consellos facía de nai de todos. Tamén as de Manu Guix, o eterno amigo de Ángel, nas que, á parte de ensinalarles a afinar, era o profesor máis comprensivo.

As coreografías eran con Miriam, á que todos tiñan medo ao principio, pero ao final todos se queixaban cando non tiñan baile.

Pasábano "bastante mal" nas sesións de expresión corporal con Rafael Amargo nas que a maioría do tempo acababan chorando.

Esperaban cediño todas as mañás e ían bailar Batuka cos irmáns Expósito.

No xurado, a máis dura era Noemí Galera, aínda que tamén tiña o seu corazonciño, que lle fixo unha mala pasada facéndoa chorar nunha gala.

Isto que acabamos de contar é máis ou menos un resumo do que se fixo en Operación Triunfo deste ano, sen esquecer a Jesús Vázquez, o presentador desta edición.

LAURA, LORENA E VANESA, S3B

